

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: ESCOLA DE ATENAS


AUTOR: **RAFAEL SANZIO**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento)

CRONOLOXÍA: 1510-1511

TÉCNICA: Fresco

LOCALIZACIÓN: Sala da Signatura (Vaticano)



- | | | | |
|----------------|---------------|---------------------|--------------------------|
| 1. Platón | 6. Diógenes | 11. Alejandro Magno | 16. Zenón |
| 2. Aristóteles | 7. Pitágoras | 12. Anaximandro | 17. Claudio Ptolomeo |
| 3. Heráclito | 8. Arquímedes | 13. Averróes | 18. Estrabón o Zoroastro |
| 4. Parménides | 9. Plotino | 14. Antístenes | 19. Homero |
| 5. Hipatia | 10. Sócrates | 15. Epicuro | 20. Rafael Sanzio |



O AUTOR

Rafael Sanzio naceu en Urbino e formouse no obradoiro do pintor Perugino. En 1504 viaxou a Florencia, onde aprendeu de Leonardo, inspirándose nas súas composicións triangulares e no emprego do *sfumato*) e de Miguel Anxo. Nesa época, a pesares da súa xuventude, empezou a destacar, grazas a obras como *A Madonna do Gran Duque*, *A Virxe do xilgueiro* ou *Os desposorios da Virxe*, o que chamaría a atención dos Papas, que decidiron contratalo.

As pinturas de Rafael caracterízanse por unha perfecta mestría no debuxo e pola rica gama cromática. As súas composicións son harmoniosas, con figuras dinámicas e de singular beleza. Rafael representa a culminación do ideal clásico, o pintor das virxes fermosas e monumentais, un pintor de cores eleantes e de luminosidade diáfana. Tamén foi moi coñecido polos seus retratos, un xénero que renovou, amosando a influencia de Leonardo, aínda que buscando máis a representación real do personaxe que a súa idealización, e logrando unha grande penetración psicolóxica do retratado, alcanzado tal fama que foi coñecido como “o Divino”. Por outra banda, tamén traballou como arquitecto nas obras da Basílica de San Pedro, substituíndo a Bramante.

ANÁLISE E COMENTARIO

O traballo de Rafael en Florencia levou a súa fama a Roma, onde o Papa Xulio II chamouno en 1508 para participar na decoración das estancias do Vaticano. A primeira dependencia que pintou foi a *Stanza della Segnatura*, en cuxos muros desenvolveu un programa humanista, pintando *A disputa do Sacramento*, *A Escola de Atenas*, *As virtudes* e *O Parnaso* (1509-1511).

Iconografía. Baixo a bóveda dunha arquitectura clásica pódese apreciar unha reunión de grandes sabios e coñecidos filósofos da Antigüidade clásica, que prerepresentan as diferentes disciplinas das artes liberais. Recolle con perfección o ambiente dunha escola de filosofía grega, onde a sabedoría acádase a través do diálogo e das leccións que pasan de mestres a discípulos. O espazo arquitectónico representa a construción do coñecemento e reivindica o valor intelectual das artes. Cabe destacar que Rafael representa algúns artistas ou personaxes políticos da súa época con rostro de filósofos. Por exemplo, o rostro do filósofo Heráclito é o de Miguel Anxo, e o de Platón é o de Leonardo da Vinci.

Características formais. No centro do fresco destaca a figura de Platón, representado como un home maior, sostendo a súa obra *Timeo* e sinalando cara arriba, poder ser como alusión ao mundo das ideas. Xunto a el atópase Aristóteles, moito máis novo, que sostén a *Ética*, sinalando coa palma da man cara á terra, como dando prioridade á experiencia.

Os catro escalóns representan os elementos básicos do universo: aire, auga, terra e lume.

A arquitectura da escena forma un rico armazón de mármore, con espesos muros que soportan unha enorme bóveda renacentista. A escena ten un fondo arquitectónico facilmente recoñecible: o proxecto que Bramante realiza para a nova basílica de San Pedro, con planta de cruz grega e bóvedas de canón. A cada lado destacan as esculturas de dous deuses pagáns de clara influencia clásica: Apolo, deus da beleza, a perfección e a razón, e Minerva, deusa da sabedoría.

Composición. Respecto á composición, trátase dunha composición harmónica e equilibrada. Tanto o fondo arquitectónico como a perspectiva central do fresco determinan a profunda sensación estática de toda a disposición. As personaxes, a pesares de estar repartidas por toda a escena en múltiples posturas, non rompen co equilibrio e a perfecta coherencia de todo o conxunto. É unha composición racional e simétrica, construída a partir de eixes verticais e horizontais que teñen o seu eixe nas figuras centrais (Platón e Aristóteles). A composición aparece disposta ordeada e simetricamente, realzando o saber humano e racional, motivo polo que a paisaxe é substituída por unha sólida e creativa obra do racionalismo humano, unha arquitectura que reflicte a grandeza do home, digno “Fillo de Deus” e en perfecta consonancia co humanismo renacentista. A pesares de ser un eloxio da razón, nas figuras non hai paz, xa que estas vóltanse preguntando, indagando, buscando en todos os sentidos, posto que se trata da incesante busca da verdade e do progreso que deben guiar ao filósofo e ao sabio, sempre indagando e discutindo.

As figuras dos filósofos atópanse en tres bandas ou planos: o primeiro está antes das escaleiras, o segundo nas escaleiras, e o terceiro plano tras as escaleiras. Este recurso axuda a remarcar a profundidade da obra. No primeiro plano os filósofos divídense en dous grupos, un a cada lado, deixando libre o paso ás escaleiras, reforzando así aos dous filósofos do centro.

O arco que serve de marco á escena, contribúe a aumentar a sensación de profundidade nunha perspectiva perfectamente lograda, que supón a consagración de Rafael como pintor clasicista do Renacemento. Coñece e déixase influenciar pola pintura miguelanxelesca da Sixtina, o que vemos nos escorzos e o tratamento escultórico das grandes figuras que compoñen a escena.

Tratamento anatómico. O debuxo de Rafael nesta obra acusa unha maior influencia de Miguel Anxo nos modelos humanos, de volumen xigantesco e gran movemento.

Luz e cores. As cores predominantes son frías, transmitindo serenidade, acorde cos valores lóxicos e racionais da filosofía. Harmoniza cores de gran suavidade a fin de reflectir a paz interior característica da obra de Rafael.

Función simbólica. O fresco representa unha visión estética e filosófica do neoplatonismo da época, que concibía a imaxe do Universo como unha construción harmónica. Nesta obra a simbiose entre Antigüidade e cristianismo (neoplatonismo) está plenamente conseguida, recollendo o sentir do humanismo cristián do que o Papa Xulio II e o propio Rafael son destacados representantes. Roma, cabeza da cristiandade, aparece como verdadeiro templo da sabedoría. Trátase dunha alegoría que representa a rama da filosofía que se ocupa das ciencias terrenais. Na estancia, sitúase enfronte da *Disputa do Sacramento*, que alude á verdade revelada.

En dúas fornelas, Apolo e Minerva presiden a asamblea deste grupo de sabios, estando en primeiro plano Heráclito (co rostro de Miguel Anxo). No nivel superior sitúanse os filósofos, como Platón e Aristóteles, conversando cun grupo de mozos. No centro da obra, os dous grandes filósofos gregos dialogan mentres camiñan a través dun espazo arquitectónico do estilo de Bramante. Quizáis Rafael quixo así representar a

unión das dúas doutrinas filosóficas: idealismo e realismo. No centro da escalinata, Dióxenes une aos filósofos co grupo de científicos do nivel inferior: xeómetras, astrónomos (Ptolomeo e Zoroastro co globo terráqueo), Hipatia de Alexandría, matemáticos como Arquímedes ou tal vez Euclides (que explica marcando cun compás a figura, e conta no seu grupo cun mozo no que reproduce o retrato do propio Rafael) ou Pitágoras (que escribe números sobre un groso libro, mentres que un mozo lle axuda sostendo ante el unha taboa), etc. Arredor dispóñense por grupos outros sabios e filósofos da Antigüidade como Sócrates (que marca siloxismos cos dedos ante un grupo de mozos, entre os que se distingue un que leva casco e vai armado, o que se interpreta como a representación de Alexandre Magno), Pitágoras e Ptolomeo. Algúns deles aparecen retratados cos rostros de personaxes do momento e coñecidos do artista: Platón (Leonardo da Vinci), Heráclito (Miguel Anxo), ou Euclides (Bramante). Rafael autorretratouse xunto á pilastra do extremo dereito mirando ao espectador. Apreciamos un esquema compositivo en cruz, cun eixe central situado entre as figuras de Platón e Aristóteles, e a ámbolos dous lados as personaxes. A parella de Platón e de Aristóteles constitúen o punto de fuga e o centro simbólico do fresco. Hai personaxes que non se poden identificar, como moito podemos suponer que é Ptolomeo unha figura que parece un rei con coroa e que ten na man unha esfera. Trátase de figuras monumentais influídas por Miguel Anxo, con posturas variadas e elegantes, cun coidadoso estudo das anatomías. As distintas personaxes forman grupos, sen que se perda a simetría. Rafael emprega o claroscuro para darlle movemento ás figuras.

A Escola de Atenas, como conclusión, simboliza á Igrexa católica como templo da sabedoría, manifestando a continuidade entre o pasado e o presente, pintando Rafael artistas contemporáneos da súa época representados como sabios da antiga Grecia. Deste xeito o pintor quere transmitir a mensaxe de que o traballo do artista é unha actividade filosófica. Esta obra é unha exaltación da razón, da filosofía e da ciencia. Trátase dunha alegoría da investigación racional da verdade.

